



BOP

VENRES, 12 DE XANEIRO DE 2018 N.º 009

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

CONTRATACIÓN OBRA: BECERREA.- Construción centro día e residencial comarcal en Becerreá

Entidade adxudicadora:

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans.
- c) Nº de expediente: (EX012OB17AB)
- d) Dirección web: Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

Obxecto do contrato :

- a) Tipo: Contrato de obras.

Descrición do obxecto: BECERREA.- Construción centro día e residencial comarcal en Becerreá

CPV: 45215212-6 Traballos de residencias de ancianos e 45215221-2 Traballos de construción de centros de día.

Medio publicación anuncio licitación: Boletín Oficial de la Provincia nº 189 do 18 de agosto de 2017 e Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

1. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Orzamento base da licitación:

Importe neto 4.389.791,06 euros. IVE (21%) 438.979,11 euros. Importe total: 4.828.770,17 euros (anualidades de 2017,2018 e 2019).

- a) Data de adxudicación: 22 decembro de 2017
- b) Contratista: COPCISA SA
- c) Importe neto: 3.126.848,17 € e 312.684,82 € de IVE,. Importe total: 3.439.532,99 €

d) Melloras de obra: un aumento do prazo de garantía contractual de 24 meses por encima dos 12 obrigatorios; unha redución do prazo de execución de 10 semanas, coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP.

- e) Plan de Comunicación: 78.000,00 € e 16.380,00 € de IVE

Lugo, a 4 de xaneiro de 2017 .O SECRETARIO. Cristobal Víctor Fraga Bermejo

R. 0051

Anuncio

APERTURA DE PRAZO PARA A RECEPCIÓN DE DOCUMENTACION NO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS QUE SE INDICAN E DE ACORDO COAS CARACTERISTICAS QUE SE SINALAN:

TITULO DA OBRA	PRESUPOSTO LICITACION	PRAZO EXECUCION	CLASIFICACION ESIXIDA
LOURENZA.- Rehabilitación de firme LU-P-2801 De Santo Tomé, por San Adriano e Augaxosa, a Arroxo, p.k. 0+400 -0+960, LU-P-2803 De Santo Tomé a Lindín, p.k. 0+000-0+750 e LU-P- 2805 “De Santo Tomé a Santa María Maior”, p.k. 0+000-0+950 (EX028OB PERF.17/19-AB).	82.202,49 € IVE 17.262,52 €	3 meses	Non se esixe
BECERREA.- Rehabilitación de firme LU-P- 0705 “Da LU-722, por Vilamane e Seivane, a Tucende”, p.k. 9+050-16+025 (EX007OB-PERF.17/19-AB).	228.954,05 € IVE 48.080,35€	3 meses	Non se esixe
MEIRA-RIBEIRA DE PIQUIN.- Rehabilitación de firme LU-P-3003 De Meira, por Leiras, á CN-640, P.K. 0+000-0+705 e LU-P 3005 “De Couso a Vilar de Carota”, p.k. 0+000-2+295 (EX030OB-PERF.17/19-AB).	112.101,44 € IVE 23.541,30€	3 meses	Non se esixe
RIBEIRA DE PIQUIN.- Rehabilitación de firme LU-P-4806 “De la CN-640, en Vilaxe, por Galegos e Vilar de Corota, a Ribeira de Piquín”, p.k. 20+340-23+340 (EX054OBPERF.17/19-AB).	122.599,21 € IVE 25.745,83 €	3 meses	Non se esixe
CASTROVERDE.- Rehabilitación de firme LU-P-1611 “Cinturón comarcal” P.K. 118+765-120+845 e 121+445-124+300 (EX012OB-PERF.17/19-AB).	287.521,02 € IVE 60.379,41 €	3 meses	Non se esixe

CARACTERISTICAS:**1º. – ENTIDADE ADXUDICADORA**

- a) Organismo: Excm. Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Domicilio: C/ San Marcos 8., C.P. 27001 Lugo

d) Dirección onde se pode consultar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas: na páxina web da Plataforma de Contratación do Sector público, (<https://contrataciondelestado.es>), á que tamén se accede dende a páxina web da Deputación de Lugo (<https://www.deputacionlugo.org> – perfil do contratante).

2º. – DESCRIPCION DO CONTRATO

- a) Tipo de contrato: Obras.
- b) Obxecto: A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.
- c) Prazo de execución: O sinalado ao comezo do anuncio

3º. – TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto

4º. – VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O que se sinala no comezo do anuncio

5º. – GARANTIAS

a) Provisional: Non se esixe.

b) Definitiva: O 5% sobre o importe de adxudicación, de cada lote, sen IVE.

6º. – REQUISITOS ESPECIFICOS DO CONTRATISTA

a) Clasificación: a indicada no encabezado

b) Acreditación solvencia económica e financeira, ben a través da acreditación dunha clasificación axeitada ao obxecto do contrato, ou a través dos criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación establecidos no RD 773/2015 de 28 de agosto, polo que se modifica o artigo 11 do Regulamento xeral da LCAP. (Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cláusula 4.2)

c) Outros requisitos: Ver Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

7º. – PRESENTACION DE OFERTAS

a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados dende o seguinte a publicación do presente anuncio no B.O.P.

b) Documentación a presentar: A sinalada no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas.

c) Lugar de presentación: A presentación poderá realizarse persoalmente no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxería ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dentro do prazo sinalado.

No caso de envío por correo ou entrega en calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (982 180004), télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación. (ver punto 1º)

d) Admisión de variantes: NON

e) Idioma: Castelán e Galego

8º. – CRITERIOS DE ADXUDICACION E PUNTUACION (VER DETALLES NO PREGO DE CAP)

CRITERIOS	PONDERACIÓN
1) Prezo	75
2) Melloras de obra	20
3) Plan de comunicación	5

9º. – APERTURA DE OFERTAS

a) Dirección: Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos 8.

b) Localidade e código postal: Lugo, 27001.

c) Data: publicarase a convocatoria na Plataforma de Contratación do sector público.

10º. – GASTOS DE ANUNCIOS.

Correrán por conta dos adxudicatarios.

11º. – OBRIGAS DO CONTRATISTA

As sinaladas no PCAP, entre elas constan condicións esenciais e especiais de execución sinaladas na cláusula 26.

12º.- OBTENCION DE DOCUMENTACION E INFORMACION

- a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º.
- b) Plataforma de contratación do sector público
- c) Teléfono: 982-260080 – 24
- d) Fax: 982-180004

Lugo, 08 de xaneiro de 2018. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017. O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 0089

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS*Anuncio*

PUBLICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 15 DE DECEMBRO DE 2017 POLA QUE SE APROBA A CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL PRODUCIDO NOS ACORDOS DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO CELEBRADAS O 4 E 11 DE NOVEMBRO DE 2016, ADOPTADOS AO OBXECTO DE APROBAR AS BASES E OS SEUS ANEXOS PARA PROVER 5 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA, PUBLICADAS NO BOP Nº 281 DE 9/12/2016.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, na que manifesta que con datas 4 e 11 de novembro do 2016, a Xunta de Goberno adoptou sendos acordos polo que se aproban as Bases e os seus anexos que rexerán os procesos selectivos, para prover diversas prazas do cadro de persoal funcionario da Entidade Provincial, reservadas á promoción interna vertical, correspondentes á Oferta de Emprego Público dos anos 2014 e 2015; e que as Bases xerais que rexeran o dito proceso selectivo e as Bases específicas para cada un dos empregos/postos convocados foron publicadas no BOP nº 281, do venres , 9 de decembro do 2016, no Taboleiro de Edictos da Entidade e na súa páxina web.

Téndose verificado que nas Bases Específicas de convocatoria, correspondentes ás prazas de ADMINISTRATIVO da Escala de Administración Xeral, se ten producido unha omisión, procédese a realizar a correspondente corrección da eiva detectada, conforme ao previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a proposta anteriormente mentada, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda rectificar o citado erro do seguinte xeito:

1º.- Realizar unha corrección de erro, por adición, na Base 7ª das Bases Específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo para prover prazas de Administrativo da Escala de Administración especial, mediante promoción interna vertical.

2º.- A modificación que se efectúa é a seguinte:

-CORRECCIÓN NAS BASES ESPECÍFICAS.

Base 7ª.- PROGRAMA DE ACCESO A PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C- SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PROMOCIÓN INTERNA.

Ao que di no APARTADO B) Tema 18: “A facenda tributaria no ámbito das Corporacións Locais. Os tributos: taxas, contribucións especiais e impostos. O Imposto sobre Bens Inmóbiles. O Imposto sobre Actividades Económicas. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras”

Debe engadirse un epígrafe que di: **“IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA”**

3º.- Coa finalidade de que esta corrección, por adición, que se realiza sexa de coñecemento de quen teña sido admitido neste proceso selectivo, publicarase no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web.

Pazo Provincial, 8 de xaneiro do 2018.- O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 0072

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (CORRECCIÓN DE ERRO)

Advertido o seguinte erro no Apartado 7 do Decreto da Alcalcía n.º: 2017-0601, polo que se aproban as bases da convocatoria dun posto de auxiliar administrativo/a, ao abeiro do programa Depuemprego, financiado pola Deputación Provincial de Lugo, donde di

Fase II. Valoración de méritos

1.- Experiencia profesional, ata un máximo de 3 puntos

- Por servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en posto de traballos iguais aos que se convocan.....0,10 puntos/mes completo.

- Por servizos prestados en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convocan.....0,50 puntos/mes completo.

Debería dicir:

Fase II. Valoración de méritos

1.- Experiencia profesional, ata un máximo de 3 puntos

- Por servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en postos de traballos iguais aos que se convocan.....0,10 puntos/mes completo.

- Por servizos prestados en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convocan.....0,05 puntos/mes completo.

En Bóveda, a 3 de xaneiro de 2018.- O Alcalde, José Manuel Arias López

R. 0052

CERVO

Anuncio

COBRANZA

Por Resolución de Alcaldía de data 29 de decembro de 2017, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de novembro de 2017 das cotas de socio do C.D. Riocobo, das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ás taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento do 5º bimestre de 2017.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económica-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 11 de xaneiro ata o 12 de marzo de 2018. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 29 de decembro de 2017. O Alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0053

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 14/12/2017 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a novembro do 2017.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a novembro 2017 terá lugar neste municipio dende o día 14 de decembro de 2017 ata o día 13 de febreiro de 2018.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 2 de xaneiro de 2018.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0090

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada , na sesión do día 08/01/2018 acordou aprobar inicialmente a modificación das tarifas do servizo de auga e sumidoiros, coa conseguinte modificación das ordenanzas correspondentes.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días , na Secretaría deste Concello , período durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, 10 de xaneiro de 2018.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0091

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 15/12/2017 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a decembro-2017.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a decembro 2017 terá lugar neste Municipio dende o día 15 de decembro de 2017 ata o día 14 de febreiro de 2018.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 2 de xaneiro de 2018.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0092

Anuncio

De acordo cos principios de publicidade e transparencia , faise público que a Xunta de Goberno Local do Concello de Chantada con data 2 de xaneiro de 2018 acordou a aprobación das " BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS O TRANSPORTE ESCOLAR DE ALUMNOS/AS DO CONCELLO DE CHANTADA QUE CURSA

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS O TRANSPORTE ESCOLAR DE ALUMNOS/AS DO CONCELLO DE CHANTADA QUE CURSAN ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL

1.- OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto desta convocatoria e a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudian fora do termo municipal durante o curso 2017/2018 , e en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos , algún dos seguintes estudos que non se imparten no Concello de Chantada :

- Ciclo medio de formación profesional
- Ciclo superior de formación profesional
- Estudos universitarios ou de réxime especial
- Outros estudos non impartidos en centros oficiais do termo municipal.

2.- BENEFICIARIOS

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os ou as/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade que reúnan os seguintes requisitos:

a.- Toda a unidade familiar deberá estar empadroada no Concello de Chantada.

b.- Estar cursando ou ter fillas/os cursando algún dos estudos indicados na base primeira nalgún centro educativo sostido con fondos públicos durante o curso 2017/2018 e ter aprobado a lo menos ó 30 % das materias correspondentes a matrícula do curso 2016/2017.

c.- Non superar os ingresos económicos fixados no baremo destas bases.

d.- Non ser , ningún membro da unidade familiar , debedor/a a Facenda Municipal, Autonómicas ou Estatal así como a Seguridade Social.

e.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Chantada.

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro , Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

3.- REQUISITOS

1.- Estar cursando algún dos estudos indicados na base primeira nalgún centro educativo sostido con fondos públicos durante o curso 2017/2018 e ter aprobado a lo menos ó 30 % das materias correspondentes a matrícula do curso 2016/2017.

Renda per capita familiar igual ou inferior ao 150%IPREM (9.681,12 € anuais .)

No suposto de que una vez efectuada a avaliación das solicitudes se supere a límite máximo da subvención (12.000,00 € , 60 beneficiarios) , procederase a retirar aquelas solicitudes cuxas rendas sexan mais elevadas, ata o límite do crédito máximo establecido.

4.- CREDITO ORZAMENTARIO E CUANTÍA DAS AXUDAS

O Concello de Chantada dispón das seguintes contías orzamentarias para destinar a esta convocatoria :

Partida 323-489.02 : 12.000,00 €

O importe das achegas a conceder , ascenderán a un importe único de 200,00 € por beneficiario e curso escolar.

5.- SOLICITUDES E DOCUMENTACION NECESARIA

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada segundo o modelo oficial.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación :

- 1) Fotocopia DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.

2) Fotocopia do Libro de Familia

3) Certificado da Axencia Tributaria das rendas de todos os membros computables da unidade familiar do exercicio 2016.

4) Copia cotexada do boletín de cualificacións ou certificación expedida polo centro educativo de ter aprobado alomenos ó 30% das materias correspondentes á matrícula no curso 2016-2017 , e xustificante da matrícula 2017-2018.

5) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo oficial correspondente.

6) Certificación bancaria da conta corrente do interesado.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES

As solicitudes e a documentación requirida presentaranse no rexistro Xeral do Concello de Chantada , praza de Galicia s/n ou por calquera das formas previstas no artigo 16 da lei 39/2015 ,do 1 de outubro , do Procedemento Administrativo Común das Administracións.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles dende a publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

7.- PUBLICIDADE

A convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo , no taboleiro de anuncios do Concello , na páxina web do Concello de Chantada e na Base Nacional de Subvencions.

8.- PROCEDEMENTO

O órgano competente para a instrución de procedemento , así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá pronunciarse a proposta de resolución, será o Alcalde . O órgano instructor , á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para concesión das axudas.

Se na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as notificaráselle a estes a proposta de resolución , concedendolles un prazo de 10 días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. A vista das alegacións presentadas , o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións , ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo o parágrafo anterior , a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

9.- COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión Avaliadora estará composta polo Concelleiro Delegado de Educación como Presidente como vogais o Traballador Social do Concello , a Educadora Familiar do Concello e a Interventora municipal actuando como secretario o Secretario da Corporación.

10.- RESOLUCION DA CONVOCATORIA

O Órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local , previo informe da intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado , quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

As axudas concedidas notificaranse individualmente e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas , que deberá ser posta en coñecemento do Concello , poderá dar lugar a modificación da resolución.

11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación destas axudas entenderase realizada coa presentación do boletín de notas ou do certificado do centro educativo de ter aprobado alomenos ó 30% das materias correspondentes á matrícula no curso 2016-2017 , esixido coa documentación da que debe ir acompañada cada solicitude e a matrícula do curso 2017-2018.

O aboamento da subvención realizarase por transferencia bancaria.

Chantada , 10 de xaneiro do 2018.- O Alcalde , Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

R. 0093

*Anuncio***Rectificación do PXOU: uso de oficinas nas diferentes ordenanzas do solo urbano**

O Pleno municipal adoptou na sesión ordinaria do 8 de xaneiro de 2018, o acordo que na parte dispositiva di o seguinte:

“PRIMEIRO.- RECTIFICAR O ERRO DO PXOU DE CHANTADA, CONSISTENTE NA OMISIÓN DO “USO DE OFICINAS” NAS ORDENANZAS DO PXOU PARA O SOLO URBANO.

SEGUNDO.- Proceder para a rectificación dese erro a unha tramitación acorde coas competencias e exposición pública para a aprobación dun Plan Xeral de Ordenación: acordo inicial polo Pleno, información pública por prazo de dous meses, aprobación provisional polo Pleno e aprobación definitiva pola Consellería da Xunta de Galicia competente en materia de urbanismo.

TERCEIRO.- Someter a información pública este acordo inicial polo prazo de dous meses, de acordo co establecido no art. 60.6 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, así como no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.”

O período de información pública que figura no punto segundo do acordo comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Chantada, 9 de xaneiro de 2018.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

R. 0094

COSPEITO*Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL 2016**

Formada e rendida a Conta Xeral correspondente ao orzamento 2016, e informada pola Comisión Especial de Contas na súa sesión celebrada o 19 de decembro de 2017, expónse ó público cos documentos que se xustifican, na Secretaría desta Corporación, durante quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales, e oito (8) máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 121.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e demais disposicións concordantes.

Cospeito, 2 de xaneiro de 2018.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño

R. 0054

FRIOL*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2017, o Orzamento Municipal, para o exercicio económico de 2018, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, por un prazo de quince días hábiles -que empezará a contarse desde o seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, e que deberán dirixirse ao sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Friol, 29 de decembro de 2017.- O ALCALDE, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0055

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 6º BIMESTRE DO EXERCICIO 2017 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 29 de decembro de 2017 aprobouse o padrón da Taxa pola Recollida do Lixo do sexto bimestre do exercicio 2017.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 13 de febreiro de 2018 ata o 18 de abril de 2018.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola Recollida do Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 29 de decembro de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 0071

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA DE DECEMBRO DE 2017 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 29 decembro de 2017 aprobáronse os padróns da Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia do mes de decembro de 2017.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria , fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 26 de xaneiro 2018 ata o 26 de marzo de 2018.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 29 de decembro de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 0056

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía do 29 de Decembro de 2017, prestouse aprobación inicial ós seguintes Padróns, correspondentes ó 4º Trimestre de 2017:

- Padrón Taxa por abastecemento de auga e I.V.E. sobre o seu consumo.
- Padrón Taxa de sumidoiros.
- Padrón Taxa recollida de lixo.
- Canon da auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas antes indicadas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulasen reclamacións contra os mesmos.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 24.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario para os Padróns citados, o comprendido entre os días 02/01/2018 e 02/03/2018, ambos inclusive. Para o cobro dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina o devengo do recargo de apremio, xuros de demora e custos que se produzan, de acordo co establecido nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, a 4 de Xaneiro de 2017.- O ALCALDE, Jesús Manuel Núñez Díaz

R. 0057

PARADELA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2018

Aprobado definitivamente o Orzamento Xeral Municipal para o exercicio 2018 por acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 30 de novembro de 2017, en cumprimento do disposto no art. 169.3º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende no estado de gastos e no de ingresos a UN MILLÓN CINCOCENTOS QUINCE MIL EUROS (1.515.000,00 €), correspondendo a cada capítulo, as cantidades que a continuación se expresan co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS**OPERACIÓN NON FINANCEIRAS****A) GASTOS POR OPERACIÓN CORRENTES**

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal	479.620,56
CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos	535.649,30
CAPÍTULO III: Gastos Financeiros	1.182,19
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	36.750,00

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Inversións Reais	438.980,14
CAPÍTULO VII: Transferencias de capital	0,00

OPERACIÓN FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros	22.817,81

TOTAL: 1.515.000,00

ESTADO DE INGRESOS**OPERACIÓN NON FINANCEIRAS****A) INGRESOS POR OPERACIÓN CORRENTES**

CAPÍTULO I: Impostos Directos	384.000,00
CAPÍTULO II: Impostos Indirectos	34.000,00
CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos	135.890,00
CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes	723.977,12
CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais	2.000,00

B) INGRESOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais	0,00
CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital	235.132,88

OPERACIÓN FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros	0,00

TOTAL: 1.515.000,00

De forma conxunta aprobáronse as bases de execución e o cadro de persoal que se reproduce a continuación:

A) Funcionarios de carreira:

A.1.) Funcionarios con habilitación de carácter nacional:

- Secretaría-Intervención, grupo A e nivel 26.

A.2.) Escala de Administración Xeral:

Subescala Administrativa:

- Administrativo (2),

Grupo C1 e nivel 22 (1)

Grupo C1 e nivel 20 (1)

Subescala Auxiliar:

- Auxiliar Administrativo (1), grupo C2 e nivel 18

A.3.) Escala de Administración Xeral:

Subescala de Servizos Especiais:

- Operario de servizos múltiples (1), grupo C2 e nivel 14

- Operarios de servizos múltiples (1), grupo E e nivel 14

B) Persoal laboral temporal:

Catro (4) peóns Programa Depuemprego (seis meses xornada completa)

Dous peóns Programa Aprox Rural (nove meses xornada completa)

Tres (3) Condutores motobomba (tres meses xornada completa)

Unha (1) Traballadora Social (doce meses xornada completa)

Catro (4) Auxiliar Axuda a Domicilio (doce meses xornada completa)

Unha (1) Auxiliar Información Xuvenil (doce meses xornada parcial)

Unha (1) Secretaría Xulgado de Paz (doce meses xornada completa)

Un/ha (1) Informador/a Turístico (tres meses e quince días xornada completa)

Dous (2) Socorrista (dous meses xornada completa)

Paradela, 2 de xaneiro de 2018.- O Alcaldem, José Manuel Mato Díaz

R. 0058

A PASTORIZA

Anuncio

Por Decreto da alcaldía de data 2 de xaneiro de 2018 aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 3º trimestre do exercicio 2017.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 15/01/2018 e o 15/03/2018 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 15/01/2018. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, a 2 de xaneiro de 2018.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 0059